4 días de formación e obradoiros para a procura de novas solucións aos retos económicos, sociais, culturais e medioambientais de Tomiño. Unha oportunidade para construir comunidade, aprender novas ferramentas para innovar e facer realidade as ideas.

Baixo a metodoloxía "aprender facendo", os obradoiros están orientados á consecución de novas habilidades e actitudes a través do intercambio, a conversa e especialmente a través da experimentación. Non se trata só de explicar conceptos, senón de que as persoas participantes descubran o seu potencial cara a un emprendemento sostible e fagan tanxibles as súas ideas.

ÉNCHETE DE INSPIRACIÓN: Nacen novas ideas e outras fusiónanse, xorden sinerxías... o obxectivo é que regreses a casa con novos proxectos para emprender.

FAITE OIR: É un escenario perfecto para expoñer as túas inquedanzas , dar a coñecer as túas opinións e por que non?, que o teu proxecto chegue aos oídos de outras persoas que poidan darche novas perspectivas.

ESCOITA: Descobre outros puntos de vista, novas perspectivas de colegas e profesionais doutras disciplinas.

EXPERIMENTA: Non se trata de falar, senón de facer; de descubrir novos camiños a través da experimentación e o traballo colaborativo.

INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS:
OMIX@TOMINO.GAL
T: 986 62 20 01

XORNADAS DE EMPREGO E INNOVACION COLABORATIVA EN TOMIÑO

XENTE **REIMAXINANDO XUNTA** O TERRITORIO

18-21 SETEMBRO

UN ITINERARIO **INTERACTIVO** E **CREATIVO** DE DESCUBRIMENTO DE **OPORTUNIDADES** PARA **INNOVAR E EMPRENDER**

Tomiño
CONCELLO

PERCORRIDO DA **IDEA** ATA A SÚA **POSTA EN MARCHA**



Dinámica de presentación de ideas e organización dos grupos de traballo*

Obradoiros conceptuais

a. Análise de tendencias no mundo rural

b. Novas formas de relación e colaboración entre empresas

c. Espazos de traballo colaborativos

18
Setembro
10:00- 19:00h

Obradoiros operativos e prácticos

a. Innovación centrada nas persoas

b. Deseño e validación de modelos de negocio

19
Setembro
10:00- 19:00h

Obradoiros operativos e prácticos

c. Creación dunha marca persoal dixital

d. Novos modelos de financiamento alternativo nos negocios

20
Setembro
10:00- 19:00h

Evento de matchmaking relacional e colaborativo

a. Evento de innovación aberta

b. Sesión "matchmaking " (empresa-persoa desempregada)

21
Setembro
11:00- 14:00h

**De forma colectiva, identificaranse os retos do territorio que podan ser resoltos a través de novas ideas emprendedoras ou iniciativas sociais.*

**As persoas participantes escollerán o reto co que se sintan máis identificadas, formando grupos de traballo de 4-5 persoas. Os ditos grupos manteranse co gallo de traballar conxuntamente durante todo o itinerario.*

QUEN PODE PARTICIPAR?

- Mocidade (principalmente de Tomiño e Vila Nova de Cerveira) que desexe ser axente activo do territorio a través de proxectos emprendedores, sociais e/ou culturais
- Persoas con inquietudes e iniciativa que queran implicarse na procura de solucións e novas oportunidades para os retos locais.
- Xente emprendedora que desexe repensar o seu negocio e facelo máis competitivo mediante técnicas innovadoras
- Persoas desempregadas que precisen reciclarse para acceder ao mundo laboral por conta propia ou allea.
- Persoas empregadas que precisen adquirir capacidades para afrontar os novos retos do mercado laboral.